

# ADMINISTRACIÓN LOCAL

## MUNICIPAL

### BUEU

#### Subvencións e axudas

*BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A CLUBS DEPORTIVOS  
2020-2021*

### **BASES PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A CLUBS DEPORTIVOS DO CONCELLO DE BUEU E CONVOCATORIA PARA OS ANOS 2020 E 2021.**

#### *1. OBXECTO*

A presente convocatoria ten por obxecto regular o procedemento da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para fomentar as actividades que no eido deportivo promovan clubs e entidades sen fin de lucro, que poidan ser consideradas de interese para o Concello de Bueu por fomentar unha actividade de utilidade pública ou interese social, ou de promoción dunha finalidade pública, dirixidas á poboación en xeral de xeito ordinario.

Estas bases están suxeitas ao establecido na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Bueu, publicadas no BOP do 17 de febreiro de 2006. Non se poderá presentar máis dunha solicitude por entidade en cada unha das liñas.

Quedan excluídas desta convocatoria aquelas actividades ou programas subvencionados con cargo a outras convocatorias de subvencións do Concello de Bueu e as actividades que non cumpran algún dos requisitos das presentes bases.

Así mesmo, convócanse as axudas correspondentes aos exercicios orzamentarios dos anos 2020 e 2021 para as seguintes liñas de subvención:

Liña 1.1 Subvención das actividades deportivas desenvoltas polas entidades deportivas.

Liña 1.2 Subvención para gastos de desprazamento dos clubs que participen en competicións federadas de ámbito estatal .

#### *2. BENEFICIARIOS*

Poderán solicitar as subvencións reguladas na presente convocatoria as asociacións e entidades deportivas válidamente constituídas, sen ánimo de lucro, que teñan o seu domicilio social en Bueu e se atopen debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Bueu ou que polo menos teñan feita a solicitude para este Rexistro en data anterior ao remate do prazo para solicitar a subvencións e que cumpran os seguintes requisitos:



Martes, 26 de abril de 2022

Núm. 79

- Atoparse ao corrente das obrigas tributarias coa Facenda municipal, Facendas estatais e autonómicas e Seguridade Social.
- Non ter superado o 100% do financiamento alleo da actividade mediante outras subvencións ou axudas.
- Que cumpran cos requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

### 3. CONTÍA DAS SUBVENCIÓNS

O importe total máximo destinado a estas subvencións distribuirase entre todas as entidades deportivas que, por reunir os requisitos esixidos nestas bases para ser beneficiaria, sexan admitidas a participar no procedemento de concesión das subvencións, en función da puntuación acadada no proceso de avaliación que se realizará de acordo cos criterios previstos nestas bases.

O importe total da convocatoria para cada unha das liñas e anualidade distribuirase entre a suma total de puntos acadados pola totalidade das solicitudes admitidas, obtendo desta forma o valor unitario do punto. A subvención para cada entidade calcularase multiplicando o valor unitario do punto polos puntos obtidos en cada caso na baremación.

A contía máxima a conceder a cada beneficiario non poderá superar para cada anualidade 12.000 € na liña 1.1 e 5.000 € na liña 1.2; e a subvención non poderá exceder o custo da actividade ou actividades aos que se aplique, incluíndo no cálculo todas as subvencións percibidas polo beneficiario para a mesma finalidade.

En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou outros entes públicos, supere o custo total das actividades a desenvolver polo beneficiario.

A subvención poderá ser revisada, unha vez coñecido o financiamento do gasto a través de achegas complementarias de axudas doutras entidades así como, de ser o caso, outros ingresos. As entidades quedarán obrigadas a comunicar calquera achega económica institucional ou privada que reciban con destino á actividade solicitada.

### 4. DOTACIÓN E IMPUTACIÓN ORZAMENTARIA.

O importe total da convocatoria ascende a 80.000 €. A concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria e convocaranse con cargo á partida orzamentaria 340.48901.01 do Orzamento do Concello de Bueu para o ano 2021, prorrogado actualmente para o 2022, coas seguintes contías por anualidade e liña:



Liña	Anualidade 2020	Anualidade 2021	Totais
1.1: Actividades deportivas	35.000 €	35.000 €	70.000 €
1.2: Desprazamentos por participación en competicións federadas de ámbito nacional	5.000 €	5.000 €	10.000 €

### 5. GASTOS SUBVENCIONABLES

Serán gastos subvencionables os que de xeito determinado correspondan ao funcionamento da entidade solicitante e sexan ocasionados pola actividade propia desta, así como os motivados pola participación ou organización de actividades deportivas.

Estes gastos poderán ter relación en cada liña , entre outros:

Liña 1.1: Gastos de pagamento de licenzas federativas, viaxes, seguros, aloxamentos e comidas por competicións, arbitrxes, adestradores, alugamento de instalacións deportivas, gastos telefónicos, compras de material e equipamento deportivo, etc.

En xeral serán subvencionables todos os gastos ocasionados polo funcionamento da entidade deportiva para o cumprimento dos seus fins ao longo das tempadas 2019/2020 ou ano 2020 e 2020/2021 ou ano 2021, quedando excluídos os gastos por investimento en instalacións deportivas (obras).

Liña 1.2 Nesta liña incluíranse exclusivamente os gastos para cada un dos desprazamentos fóra da Comunidade Autónoma Galega a competicións federadas de ámbito estatal nas tempadas 2019/2020 ou ano 2020 e 2020/2021 ou ano 2021 para aqueles clubs que participen en competicións de ano natural. Incluíranse tamén dentro desta liña os desprazamentos para competir en fases finais (ascenso/promoción ou mantemento) a nivel estatal.

### 6. SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA.

As entidades que concorran a esta convocatoria deberán presentar unha única solicitude asinada pola/o representante legal da entidade deportiva para cada unha das liñas de subvención e anualidade respectivamente.

A solicitude e a documentación complementaria, segundo modelo normalizado, presentárase exclusivamente por medios electrónicos, en cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a través da sede electrónica do Concello de Bueu, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace: <https://bueu.sedelectronica.gal>



Martes, 26 de abril de 2022

Núm. 79

A mera presentación da solicitude suporá que as entidades solicitantes coñecen e aceptan as presentes bases da convocatoria.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos que estarán dispoñibles na páxina web <https://concellodebueu.gal/>. A documentación común só será necesario presentala unha vez.

Documentación a presentar:

- Solicitude ( anexo I A/ IB ).
- Presentarase unha solicitude por cada unha das liñas para cada anualidade.
- CIF do club deportivo e DNI da persoa representante legal do club.
- Autorización ao Concello de Bueu para a solicitude de certificado á Federación correspondente onde conste (Anexo II):
  - Que o club solicitante se atopa na actualidade de alta con actividade propia.
  - Número de fichas federativas expedidas na tempada xa rematada e por categorías.
  - A categoría na cal militaron os distintos equipos da entidade durante a tempada xa rematada.
  - Número de adestradores titulados que imparten os adestramentos nas distintas categorías.
- Declaración responsable na que conste (anexo III) (unha por anualidade):
  - Que o club carece de fins de lucro.
  - O cumprimento dos requisitos esixidos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
  - Que o club non ten débedas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Facenda Autonómica e coa Seguridade Social.
  - Que o club se compromete a comunicar ao Concello de Bueu a concesión de calquera outra axuda ou subvención de entes públicos ou privados para a mesma finalidade.
- Declaración de subvencións solicitadas (Anexo IV) (unha por anualidade):

Os clubs nos que se demostre que non achegaron datos reais poderán perder o total da subvención.
- Relación individualizada de desprazamentos financiados polo club. (Anexo V) (unha por anualidade).

Este documento só será presentado por aquelas entidades que soliciten subvención dentro da liña 1.2.
- Certificación orixinal da conta bancaria a nome do club.



Martes, 26 de abril de 2022

Núm. 79

### 7. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

As solicitudes presentaranse a través da sede electrónica do Concello de Bueu nun prazo de quince (15) días naturais contados dende o seguinte día ao da publicación do extracto do anuncio da convocatoria na Base estatal de Subvencións por calquera das formas prevista na lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Se a solicitude non reunise os datos esixidos ou calquera dos previstos no artigo 66 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, requirirase aos interesados para que no prazo de dez (10) días hábiles, emenden as anomalías advertidas ou presenten os documentos perceptivos, indicando que, en caso de non facelo, terase por desistido e arquivaranse as solicitudes sen más trámite.

### 8. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN E CRITERIOS DE VALORACIÓN.

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitaranse en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite as disponibilidades orzamentarias da Concellería de Deportes destinadas para tal fin no presente exercicio.

Para efectuar a proposta de concesión das subvencións, a comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios e baremo de puntuación:

- Na liña 1.1. Actividades deportivas:

1. Número de equipos federados : máximo 60 puntos.

O reparto de puntos realizarase atendendo ao número de equipos federados segundo a categoría e zona onde compitan seguindo o seguinte baremo:

COMPETICIÓN CATEGORÍA	ZONAL*	PROVINCIAL	AUTONÓMICA	estatal
<b>BENXAMIN</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>4</b>	---
ALEVIN	2	3	4	---
<b>INFANTIL</b>	<b>4</b>	<b>5</b>	<b>6</b>	---
CADETE	4	5	6	---
<b>XUVENIL</b>	<b>4</b>	<b>5</b>	<b>6</b>	<b>7</b>
SENIOR	3	4	5	6

2. Número de fichas federadas, máximo 100 puntos:

Número de fichas federadas dentro de cada categoría.

As fichas puntúanse segundo a categoría e a zona onde compitan co seguinte baremo para a categoría masculina, e cun 0,1 punto puntos a maiores para as fichas femininas:



COMPETICIÓN CATEGORÍA	ZONAL*	PROVINCIAL	AUTONÓMICA	estatal
<b>BENXAMIN</b>	<b>0.3</b>	<b>0.4</b>	<b>0.5</b>	---
ALEVIN	0.3	0.4	0.5	---
<b>INFANTIL</b>	<b>0.5</b>	<b>0.6</b>	<b>0.7</b>	---
CADETE	0.5	0.6	0.7	---
<b>XUVENIL</b>	<b>0.5</b>	<b>0.6</b>	<b>0.7</b>	<b>0.8</b>
SENIOR	0.4	0.5	0.7	0.8

\*Zonal: con este termo damos cabida ás competicións do ámbito da comarca do Morrazo ou unha parte da provincia, é dicir, que non abarque a totalidade da provincia. (Un exemplo é a 2ª rexional de Fútbol como zonal en comparación coa 1ª Rexional de fútbol que si abarca a totalidade da provincia)

Con este reparto de puntos inténtase premiar aos clubs con maior deporte base.

Deste segundo baremo de puntuación exclúese aos clubs que compitan de forma individual (atletismo, xadrez, etc.) e aos clubs marítimos, que só se puntuán 0,7 puntos por ficha, cun 0,1 puntos a maiores por cada ficha feminina.

Os clubs con categoría veterano e que contén con licenza para a competición terán a mesma consideración que os equipos de categoría senior.

3. Adestradores/as titulados/as: máximo 15 puntos.

Aqueles clubs que teñan adestradores titulados que dirixan equipos, independentemente da categoría, e se acredite pola Federación correspondente serán puntuados con 2 puntos máis por cada adestrador titulado. O número máximo de adestradores nunca será maior que o número de equipos de cada club.

- Na liña 1.2 Desprazamentos dos clubs que participen en competicións federadas de ámbito estatal:

Número de quilómetros percorridos a cada competición: máximo 10 puntos

Puntuaranse segundo este criterio as solicitudes presentadas na liña 1.2. A puntuación será establecida en función da relación entre o número de quilómetros percorridos a cada competición e o número de deportistas desprazados, segundo a seguinte táboa:



Relación quilómetros/ numero de deportistas	Puntuación
100 ou mais	10 puntos
80-99	8
60-79	6
40-59	4
20-39	2
1-19	1

O importe total da convocatoria distribuirase entre a suma total de puntos acadados na totalidade das solicitudes admitidas en cada unha das liñas, obtendo desta forma o valor unitario do punto. A subvención para cada entidade calcularase multiplicando o valor unitario do punto polos puntos obtidos en cada caso.

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle á unidade de Promoción Económica, quen realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos, en virtude dos cales fará un informe-proposta no que figure a valoración das solicitudes segundo os criterios sinalados nesta base, explicando o sistema seguido, de conformidade co previsto no artigo 14 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Bueu e no artigo 24 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).

Posteriormente realizarase un estudo do informe-proposta pola comisión de valoración das solicitudes de subvención. Esta Comisión estará composta por:

- O vicalcalde e teniente de alcalde, quen a presidirá.
- O concelleiro delegado de Cultura.
- Un representante político de cada un dos grupos da oposición.

Actuará como secretaria a técnica media da unidade de Promoción Económica, que actuará con voz e sen voto.

Esta Comisión Avaliadora formulará unha proposta motivada de concesión de subvencións consonte á avaliación realizada.

As propostas de concesión de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, que será a Alcaldía, de acordo co previsto no artigo 5º da Ordenanza Xeral de subvencións do Concello de Bueu.



Martes, 26 de abril de 2022

Núm. 79

O prazo para resolver e notificar a resolución será de seis meses, como máximo, contados a partir da publicación desta convocatoria. Transcorrido este prazo sen que o órgano competente dite resolución expresa entenderase que é desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención.

A resolución notificarase electrónicamente aos solicitantes no prazo máximo de dez días a través da sede electrónica. Remítiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As entidades beneficiarias das axudas están obrigadas no prazo de dez días, a contar dende o seguinte ao da notificación, a comunicar por escrito a aceptación ou renuncia das axudas. Transcorrido este prazo sen manifestación expresa entenderase tácitamente aceptada.

## 9. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

Unha vez notificada a aprobación das axudas concedidas e realizadas as actividades, os beneficiarios deberán xustificalas no prazo de quince (15) días naturais contados a partir do seguinte ao da notificación da subvención. Haberá que presentar unha xustificación por cada liña e anualidade concedidas.

Para cobrar a subvención, as entidades deberán presentar a través da sede electrónica do Concello de Bueu a seguinte documentación:

Instancia subscrita polo presidente da entidade dirixida ao alcalde do Concello de Bueu na que se solicite o pagamento da subvención no número de conta corrente indicada na mesma.

Conta xustificativa que conterá, con carácter xeral e de acordo co artigo 28 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 97/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a seguinte documentación:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Unha relación clasificada dos gastos e investimentos totais da actividade con identificación do acredor e documento, o seu importe, data de emisión e, se é o caso, data de pagamento. (Anexo VI).



— Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida, xunto coa acreditación de ter realizado o pagamento (nas facturas cun importe superior aos 1.000 € debe de presentarse o xustificante de transferencia bancaria).

Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de pago de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións ou pola propia entidade deportiva que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base á eficacia administrativa do mesmo.

— Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia. (Anexo IV).

— Certificación da liquidación do orzamento de ingresos e gastos do club correspondente á tempada ou anualidade subvencionada. (Anexo VII).

— A acreditación de que no momento da xustificación, o beneficiario está ao corrente das súas obrigas tributarias coas Facendas estatal, autonómica e municipal, así como coa Seguridade Social, o que se fará mediante a presentación dos correspondentes certificados no caso das subvencións de máis de 3.000 € ou a través da declaración responsable nos demais (excepto no que respecta ao Concello, que comprobará de oficio este requisito).

— Carteis, folletos ou outra documentación acreditativa da debida divulgación do financiamento da actividade por parte do Concello.

Para pagar a subvención terase en conta o seguinte:

— No caso de que se xustifiquen gastos polo 100 % do orzamento subvencionado, aboarase a totalidade da subvención.

— No caso de que se xustifiquen gastos inferiores ao 100 %, aboarase a parte proporcional da subvención.

O pagamento efectuarase mediante unha transferencia bancaria á conta sinalada polo club.

## 10. OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

As entidades subvencionadas están obrigadas a:

Destinar a subvención para subvencionar exclusivamente as actividades ou proxectos para a que se solicitou e concedeu.



Martes, 26 de abril de 2022

Núm. 79

Acreditar a realización do proxecto, así como o cumprimento dos requisitos e condicións que determinen a concesión ou goce da axuda.

Comunicarlle ao Concello de Bueu a obtención de calquera outra achega económica, institucional ou privada, que reciban con destino á actividade subvencionada.

Presentar a documentación esixida, así como facilitar calquera comprobación que por parte do Concello se estime conveniente realizar.

Utilización da lingua galega nos soportes publicitarios dos diferentes eventos e competicións deportivas (carteis, lonas, banners,...).

### 11. DEVOLUCIÓN E REINTEGRO

As axudas concedidas deberán ser devoltas ou reintegradas nos casos previstos no artigo 37 da Lei 38/2003 e en todo caso cando :

- Se obteñan falseando as condicións requiridas.
- Non se apliquen aos fins para os que foron concedidas.
- Incumpra o beneficiario as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases

### 12. PUBLICIDADE

#### 1. Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras.

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 17 da Lei Xeral de Subvencións, conforme o establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno publicaranse en:

- As Bases reguladoras: no BOP da provincia, portal de transparencia no taboleiro da sedna paxina web do Concello de Bueu (<https://concellodebueu.gal/>).
- A Convocatoria, na Base de Datos estatal de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Bueu (<https://bueu.sedelectronica.gal>).
- A BDNS publicará o extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, publicación que determinará o inicio do prazo de 15 días naturais para a presentación de solicitudes.

A presente convocatoria e as súas bases reguladoras, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, estarán accesibles na páxina web do Concello de Bueu <https://concellodebueu.gal/>



Martes, 26 de abril de 2022

Núm. 79

### 2. Publicidade das subvencións concedidas.

As subvencións concedidas remitiranse ao portal de transparencia do concello e á BDNS para a súa publicación con indicación da convocatoria, programa, e crédito presupostario ao que se imputan, beneficiarias, cantidades concedidas e finalidade das subvencións con expresión dos distintos proxectos subvencionados.

### 3. Publicidade do financiamento público.

As entidades beneficiarias das subvencións deben deixar constancia do financiamento municipal en todas as comunicacións e en calquera actividade enmarcada no programa subvencionado coa inclusión da imaxe corporativa oficial do Concello de Bueu (equipamento, web e redes sociais, publicidade, etc).

## 13. NORMATIVA DE APLICACIÓN

Para o non disposto nestas bases contemplarase o establecido nas bases de execución do Orzamento Xeral do Concello de Bueu en vigor durante o exercicio 2022, na lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE núm. 276, do 18/11/2003) e na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e demais lexislación de desenvolvemento.

## **BASES PARA LA CONCESIÓN DE SUBVENCIONES A CLUBES DEPORTIVOS DEL AYUNTAMIENTO DE BUEU Y CONVOCATORIA PARA LOS AÑOS 2020 Y 2021.**

### 1. OBJETO

La presente convocatoria tiene por objeto regular el procedimiento de la concesión de subvenciones, en régimen de concurrencia competitiva, para fomentar las actividades que en el campo deportivo promuevan clubes y entidades sin fin de lucro, que puedan ser consideradas de interés para el Ayuntamiento de Bueu por fomentar una actividad de utilidad pública o interés social, o de promoción de una finalidad pública, dirigidas a la población en general de manera común.

Estas bases están sujetas a lo establecido en la Ordenanza General de Subvenciones del Ayuntamiento de Bueu, publicadas en el BOP de 17 de febrero de 2006.

No se podrá presentar más de una solicitud por entidad en cada una de las líneas.

Quedan excluidas de esta convocatoria aquellas actividades o programas subvencionados con cargo a otras convocatorias de subvenciones del Ayuntamiento de Bueu y las actividades que no cumplan alguno de los requisitos de las presentes bases.

Asimismo, se convocan las ayudas correspondientes a los ejercicios presupuestarios de los años 2020 y 2021 para las siguientes líneas de subvención:



Martes, 26 de abril de 2022

Núm. 79

Línea 1.1 Subvención de las actividades deportivas desarrolladas por las entidades deportivas. Línea 1.2 Subvención para gastos de desplazamiento de los clubes que participen en competiciones federadas de ámbito estatal .

## 2. BENEFICIARIOS

Podrán solicitar las subvenciones reguladas en la presente convocatoria las asociaciones y entidades deportivas válidamente constituidas, sin ánimo de lucro, que tengan su domicilio social en Bueu y se encuentren debidamente inscritas en el Registro Municipal de Asociaciones del Ayuntamiento de Bueu o que por lo menos tengan hecha la solicitud para este Registro en fecha anterior al fin del plazo para solicitar las subvenciones y que cumplan los siguientes requisitos:

- Encontrarse al corriente de las obligaciones tributarias con la Hacienda municipal, Haciendas estatales y autonómicas y Seguridad Social.
- No haber superado el 100% de la financiación ajena de la actividad mediante otras subvenciones o ayudas.
- Que cumplan con los requisitos establecidos en el artículo 13 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, general de subvenciones.

## 3. CUANTÍA DE LAS SUBVENCIONES

El importe total máximo destinado a estas subvenciones se distribuirá entre todas las entidades deportivas que, por reunir los requisitos exigidos en estas bases para ser beneficiarias, sean admitidas a participar en el procedimiento de concesión de las subvenciones, en función de la puntuación alcanzada en el proceso de evaluación que se realizará de acuerdo con los criterios previstos en estas bases.

El importe total de la convocatoria para cada una de las líneas y anualidad se distribuirá entre la suma total de puntos alcanzados por la totalidad de las solicitudes admitidas, obteniendo de esta forma el valor unitario del punto. La subvención para cada entidad se calculará multiplicando el valor unitario del punto por los puntos obtenidos en cada caso.

La cuantía máxima a conceder a cada beneficiario no podrá superar para cada anualidad 12.000 € en la línea 1.1 y 5.000 € en la línea 1.2; y la subvención no podrá exceder el coste de la actividad o actividades a los que se aplique, incluyendo en el cálculo todas las subvenciones percibidas por el beneficiario para la misma finalidad.

En ningún caso el importe de la subvención podrá ser de tal cuantía que, aisladamente o en concurrencia con subvenciones o ayudas de otras administraciones públicas u otros entes públicos, supere el coste total de las actividades a desarrollar por el beneficiario.

La subvención podrá ser revisada, una vez conocida la financiación del gasto a través de aportaciones complementarias de ayudas de otras entidades así como, de ser el caso, otros ingresos. Las entidades quedarán obligadas a comunicar cualquier aportación económica institucional o privada que reciban con destino a la actividad solicitada.



Martes, 26 de abril de 2022

Núm. 79

#### 4. DOTACIÓN E IMPUTACIÓN PRESUPUESTARIA.

El importe total de la convocatoria asciende a 80.000 €. La concesión de las subvenciones estará sujeta a la disponibilidad presupuestaria y se convocarán con cargo a la partida presupuestaria 340.48901.01 del Presupuesto del Ayuntamiento de Bueu para el año 2021, prorrogado actualmente para el 2022, con las siguientes cuantías por anualidad y línea:

Línea	Anualidad 2020	Anualidad 2021	Totales
1.1: Actividades deportivas	35.000 €	35.000 €	70.000 €
1.2: Desplazamientos por participación en competiciones federadas de ámbito nacional	5.000 €	5.000 €	10.000 €

#### 5. GASTOS SUBVENCIONABLES

Serán gastos subvencionables los que de manera determinada correspondan al funcionamiento de la entidad solicitante y sean ocasionados por la actividad propia de esta, así como los motivados por la participación u organización de actividades deportivas.

Estos gastos podrán tener relación en cada línea , entre otros:

Línea 1.1: Gastos de pago de licencias federativas, viajes, seguros, alojamientos y comidas por competiciones, arbitrajes, entrenadores, alquiler de instalaciones deportivas, gastos telefónicos, compras de material y equipamiento deportivo, etc.

En general serán subvencionables todos los gastos ocasionados por el funcionamiento de la entidad deportiva para el cumplimiento de sus fines a lo largo de las temporadas 2019/2020 o año 2020 y 2020/2021 o año 2021, quedando excluidos los gastos por inversión en instalaciones deportivas (obras).

Línea 1.2 En esta línea se incluirán exclusivamente los gastos para cada uno de los desplazamientos fuera de la Comunidad Autónoma Gallega a competiciones federadas de ámbito estatal en las temporadas 2019/2020 o año 2020 y 2020/2021 o año 2021 para aquellos clubes que participen en competiciones de año natural. Se incluirán también dentro de esta línea los desplazamientos para competir en fases finales (ascenso/promoción o mantenimiento) a nivel estatal.

#### 6. SOLICITUDES Y DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA.

Las entidades que concurren la esta convocatoria deberán presentar una única solicitud firmada por la/el representante legal de la entidad deportiva para cada una de las líneas de subvención y anualidad respectivamente.

Martes, 26 de abril de 2022

Núm. 79

La solicitud y la documentación complementaria, según modelo normalizado, se presentará exclusivamente por medios electrónicos, en cumplimiento del deber impuesto por el artículo 14.2.1a) de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas (LPAC), a través de la sede electrónica del Ayuntamiento de Bueu, por cualquiera de los mecanismos de identificación admitidos en la sede electrónica, que se pueden consultar en el enlace: <https://bueu.sedelectronica.gal>.

La mera presentación de la solicitud supondrá que las entidades solicitantes conocen y aceptan las presentes bases de la convocatoria.

Las solicitudes de subvención se presentarán debidamente cumplimentadas, mediante los modelos que estarán disponibles en la página web <https://concellodebueu.gal/>. La documentación común solo será necesario presentarla una vez.

Documentación a presentar:

- Solicitud (Anexo IA/ IB).
- Se presentará una solicitud por cada una de las líneas para cada anualidad.
- CIF del club deportivo y DNI de la persona representante legal del club.
- Autorización al Ayuntamiento de Bueu para la solicitud de certificado a la Federación correspondiente donde conste (Anexo II):
  - Que el club solicitante se encuentra en la actualidad de alta con actividad propia.
  - Número de fichas federativas expedidas en la temporada ya finalizada y por categorías.
  - La categoría en la cual militaron los distintos equipos de la entidad durante la temporada ya finalizada.
  - Número de entrenadores titulados que imparten los entrenamientos en las distintas categorías.
- Declaración responsable en la que conste (anexo III) (una por anualidad):
  - Que el club carece de fines de lucro.
  - El cumplimiento de los requisitos exigidos en el artículo 13 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, general de subvenciones.
  - Que el club no tiene deudas con la Agencia Estatal de la Administración Tributaria, con la Hacienda Autonómica y con la Seguridad Social.
  - Que el club se compromete a comunicar al Ayuntamiento de Bueu la concesión de cualquier otra ayuda o subvención de entes públicos o privados para la misma finalidad.
- Declaración de subvenciones solicitadas (Anexo IV) (una por anualidad):

Los clubes en los que se demuestre que no incorporaron datos reales podrán perder el total de la subvención.
- Relación individualizada de desplazamientos financiados por el club. (Anexo V) (una por anualidad).



Martes, 26 de abril de 2022

Núm. 79

Este documento solo será presentado por aquellas entidades que soliciten subvención dentro de la línea 1.2.

- Certificación original de la cuenta bancaria a nombre del club.

### 7. LUGAR Y PLAZO DE PRESENTACIÓN

Las solicitudes se presentarán a través de la sede electrónica del Ayuntamiento de Bueu en un plazo de quince (15) días naturales contados desde el siguiente día al de la publicación del extracto del anuncio de la convocatoria en la Base estatal de Subvenciones por cualquiera de las formas prevista en la ley 39/2015, de 1 de octubre, del procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Si la solicitud no reuniera los datos exigidos o cualquiera de los previstos en el artículo 66 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, se requerirá a los interesados para que en el plazo de diez (10) días hábiles, emenden las anomalías advertidas o presenten los documentos perceptivos, indicando que, en caso de no hacerlo, se tendrá por desistido y se archivarán las solicitudes sin más trámite.

### 8. PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN Y CRITERIOS DE VALORACIÓN.

La concesión de las subvenciones atenderá a criterios objetivos y se tramitarán en régimen de concurrencia competitiva, teniendo siempre como límite las disponibilidades presupuestarias de la Concejalía de Deportes destinadas para tal fin en el presente ejercicio.

Para efectuar la propuesta de concesión de las subvenciones, la comisión evaluadora tendrá en cuenta los siguientes criterios y baremo de puntuación:

- En la línea 1.1. Actividades deportivas:

1. Número de equipos federados : máximo 60 puntos.

El reparto de puntos se realizará atendiendo al número de equipos federados según la categoría y zona donde compitan siguiendo el siguiente baremo:

COMPETICIÓN CATEGORÍA	ZONAL *	PROVINCIAL	AUTONÓMICA	estatal
<b>BENXAMIN</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>4</b>	---
ALEVIN	2	3	4	---
INFANTIL	4	5	6	---
CADETE	4	5	6	---
XUVENIL	4	5	6	7
SENIOR	3	4	5	6

2. Número de fichas federadas, máximo 100 puntos:

Número de fichas federadas dentro de cada categoría.



Las fichas se puntúan según la categoría y la zona donde compitan con el siguiente baremo para la categoría masculina, y con un 0,1 puntos a mayores para las fichas femeninas:

COMPETICIÓN CATEGORÍA	ZONAL*	PROVINCIAL	AUTONÓMICA	estatal
<b>BENXAMIN</b>	<b>0.3</b>	<b>0.4</b>	<b>0.5</b>	---
ALEVIN	0.3	0.4	0.5	---
<b>INFANTIL</b>	<b>0.5</b>	<b>0.6</b>	<b>0.7</b>	---
CADETE	0.5	0.6	0.7	---
<b>XUVENIL</b>	<b>0.5</b>	<b>0.6</b>	<b>0.7</b>	<b>0.8</b>
SENIOR	0.4	0.5	0.7	0.8

Zonal: con este término damos cabida a las competiciones del ámbito de la comarca del Morrazo o una parte de la provincia, es decir, que no abarque la totalidad de la provincia. (Un ejemplo es la 2ª regional de Fútbol como zonal en comparación con la 1ª Regional de fútbol que sí abarca la totalidad de la provincia)

Con este reparto de puntos se intenta premiar a los clubes con mayor deporte base.

De este segundo baremo de puntuación se excluye a los clubes que compitan de forma individual (atletismo, ajedrez, etc.) y a los clubes marítimos, que solo se puntúan 0,7 puntos por ficha, con un 0,1 puntos a mayores por cada ficha femenina.

Los clubes con categoría veterano y que cuenten con licencia para la competición tendrán la misma consideración que los equipos de categoría senior.

3. Entrenadores/as titulados/as: máximo 15 puntos.

Aquellos clubes que tengan entrenadores titulados que dirijan equipos, independientemente de la categoría, y se acredite por la Federación correspondiente serán puntuados con 2 puntos más por cada entrenador titulado. El número máximo de entrenadores nunca será mayor que el número de equipos de cada club.

- En la línea 1.2 Desplazamientos de los clubes que participen en competiciones federadas de ámbito estatal:

Número de kilómetros recorridos la cada competición: máximo 10 puntos

Se puntuarán según este criterio las solicitudes presentadas en la línea 1.2. La puntuación será establecida en función de la relación entre el número de kilómetros recorridos a cada competición y el número de deportistas desplazados, según la siguiente tabla:





Relación kilómetros/ numero de deportistas	Puntuación
100 ou mais	10 puntos
80-99	8
60-79	6
40-59	4
20-39	2
1-19	1

El importe total de la convocatoria se distribuirá entre la suma total de puntos alcanzados en la totalidad de las solicitudes admitidas en cada una de las líneas, obteniendo de esta forma el valor unitario del punto. La subvención para cada entidad se calculará multiplicando el valor unitario del punto por los puntos obtenidos en cada caso.

La instrucción del procedimiento de concesión de subvenciones le corresponde a la unidad de Promoción Económica quien realizará de oficio todas las actuaciones que estime necesarias para la determinación, conocimiento y comprobación de los datos, en virtud de los cuales hará un informe-propuesta en el que figure la valoración de las solicitudes según los criterios señalados en esta base, explicando el sistema seguido, de conformidad con lo previsto en el artículo 14 de la Ordenanza general de subvenciones del Ayuntamiento de Bueu y en el artículo 24 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, general de subvenciones ( LXS).

Posteriormente se realizará un estudio del informe-propuesta por la comisión de valoración de las solicitudes de subvención. Esta Comisión estará compuesta por:

- El vicealcalde y teniente de alcalde, quien la presidirá.
- El concejal delegado de Cultura.
- Un representante político de cada uno de los grupos de la oposición.

Actuará como secretaria la técnica media de la unidad de Promoción Económica, que actuará con voz y sin voto.

Esta Comisión Evaluadora formulará una propuesta motivada de concesión de subvenciones conforme a la evaluación realizada.

Las propuestas de concesión de subvenciones se someterán a la aprobación del órgano competente, que será la Alcaldía, de acuerdo con lo previsto en el artículo 5º de la Ordenanza General de subvenciones del Ayuntamiento de Bueu.



Martes, 26 de abril de 2022

Núm. 79

El plazo para resolver y notificar la resolución será de seis meses, como máximo, contados a partir de la publicación de esta convocatoria. Transcurrido este plazo sin que el órgano competente dicte resolución expresa se entenderá que es desestimada por silencio administrativo la solicitud de concesión de subvención.

La resolución se notificará electrónicamente a los solicitantes en el plazo máximo de diez días a través de la sede electrónica. Se remitirán a los/a las interesados/las los avisos de la puesta a la disposición de las notificaciones a costa de correo o teléfono móvil que consten en la solicitud. Estos avisos no tendrán, en ningún caso, efectos de notificación practicada y su falta no impedirá que la notificación sea considerada plenamente válida.

Las notificaciones por medios electrónicos se entenderán practicadas en el momento en que se produzca el acceso a su contenido. La notificación se entenderá rechazada cuando transcurrieran diez días naturales desde la puesta a la disposición de la notificación sin que se acceda a su contenido.

Si el envío de la notificación electrónica no fuera posible por problemas técnicos, se practicará la notificación por los medios previstos en la normativa reguladora del procedimiento administrativo común.

Las entidades beneficiarias de las ayudas están obligadas en el plazo de diez días, a contar desde el siguiente al de la notificación, a comunicar por escrito a aceptación o renuncia de las ayudas. Transcurrido este plazo sin manifestación expresa se entenderá tácitamente aceptada.

## 9. JUSTIFICACIÓN Y PAGO

Una vez notificada la aprobación de las ayudas concedidas y realizadas las actividades, los beneficiarios deberán justificarlas en el plazo de quince (15) días naturales contados a partir del siguiente al de la notificación de la subvención. Habrá que presentar una justificación por cada línea y anualidad concedidas.

Para cobrar la subvención, las entidades deberán presentar a través de la sede electrónica del Ayuntamiento de Bueu la siguiente documentación:

1. Instancia suscrita por el presidente de la entidad dirigida al alcalde del Ayuntamiento de Bueu en la que se solicite el pago de la subvención en el número de cuenta corriente indicada en la misma.

2. Cuenta justificativa que contendrá, con carácter general y de acuerdo con el artículo 28 del Decreto 11/2009, de 8 de enero, por lo que se aprueba el Reglamento de la Ley 97/2007, de 13 de junio, de subvenciones de Galicia, la siguiente documentación:

- Una memoria de actuación justificativa del cumplimiento de las condiciones impuestas en la concesión de la subvención, con indicación de las actividades realizadas y de los resultados obtenidos.



- Una relación clasificada de los gastos e inversiones totales de la actividad con identificación del acreedor y documento, su importe, fecha de emisión y, si es el caso, fecha de pago. (Anexo VI).
- Facturas o documentos análogos con valor probatorio en el ámbito mercantil y administrativo por el importe de la subvención concedida, junto con la acreditación de haber realizado el pago (en las facturas con un importe superior a los 1.000 € debe de presentarse el justificante de transferencia bancaria).

Atendiendo a la especificidad de la actividad deportiva, aquellos gastos relacionados con arbitrajes, tasas oficiales de las federaciones deportivas, y otros conceptos análogos podrán ser justificados a través de documentos originales (certificados de ingreso en las federaciones, documentos de pago de arbitrajes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desplazamiento de jugadores, técnicos, etc.,) emitidos por las Federaciones o por la propia entidad deportiva que recoja adecuadamente, los datos fiscales de las partes, las aportaciones económicas, las retenciones obligatorias de ser el caso, y demás datos que justifiquen el valor probatorio del gasto en base a la eficacia administrativa del mismo.
- Una relación detallada de otros ingresos o subvenciones que financiaran la actividad subvencionada con indicación del importe y su origen. (Anexo IV).
- Certificación de la liquidación del presupuesto de ingresos y gastos del club correspondiente a la temporada o anualidad subvencionada. (Anexo VII).
- La acreditación de que en el momento de la justificación, el beneficiario está al corriente de sus obligaciones tributarias con las Haciendas estatal, autonómica y municipal, así como con la Seguridad Social, lo que se hará mediante la presentación de los correspondientes certificados en el caso de las subvenciones de más de 3.000 € o a través de la declaración responsable en los demás (excepto en el que respeta al Ayuntamiento, que comprobará de oficio este requisito).
- Carteles, folletos u otra documentación acreditativa de la debida divulgación de la financiación de la actividad por parte del Ayuntamiento.

Para pagar la subvención se tendrá en cuenta el siguiente:

- En caso de que se justifiquen gastos por el 100 % del presupuesto subvencionado, se abonará la totalidad de la subvención.
- En caso de que se justifiquen gastos inferiores al 100 %, se abonará la parte proporcional de la subvención.

El pago se efectuará mediante una transferencia bancaria a la cuenta señalada por el club.

## 10. DEBERES DE LOS BENEFICIARIOS

Las entidades subvencionadas están obligadas a:

1) Destinar la subvención para financiar exclusivamente las actividades o proyectos para la que se solicitó y concedió.



Martes, 26 de abril de 2022

Núm. 79

2) Acreditar la realización del proyecto, así como el cumplimiento de los requisitos y condiciones que determinen la concesión o disfrute de la ayuda.

3) Comunicarle al Ayuntamiento de Bueu la obtención de cualquier otra aportación económica, institucional o privada, que reciban con destino a la actividad subvencionada.

4) Presentar la documentación exigida, así como facilitar cualquier comprobación que por parte del Ayuntamiento se estime conveniente realizar.

5) Utilización de la lengua gallega en los soportes publicitarios de los diferentes eventos y competiciones deportivas (carteles, lonas, banners,...).

### 11. DEVOLUCIÓN Y REINTEGRO

Las ayudas concedidas deberán ser devueltas o reintegradas en los casos previstos en el artículo 37 de la Ley 38/2003 y en todo caso cuando :

Se obtengan falseando las condiciones requeridas.

No se apliquen a los fines para los que fueron concedidas.

Incumpla el beneficiario los deberes asumidos y las condiciones fijadas en estas bases

### 12. PUBLICIDAD

#### 1. Publicidad de la convocatoria y de las bases reguladoras.

Las presentes bases reguladoras y la convocatoria, cuyo contenido responde al dispuesto en el art. 17 de la Ley General de Subvenciones, conforme lo establecido en el artículo 20.8 apartados la) y b) de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, en aplicación de los principios recogidos en la Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno se publicarán en:

- Las Bases reguladoras: en el BOP de la provincia, portal de transparencia y en el tablero de la sede electrónica y la página web del Ayuntamiento de Bueu ( <https://concellodebueu.gal/>).
- La Convocatoria, en la Base de Datos estatal de Subvenciones ( BDNS), en el portal de transparencia y en el tablero de anuncios de la sede electrónica del Ayuntamiento de Bueu ( <https://bueu.sedelectronica.gal/>).
- La BDNS publicará el extracto de la convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia, publicación que determinará el inicio del plazo de 15 días naturales para la presentación de solicitudes.

La presente convocatoria y sus bases reguladoras, así como el modelo de solicitud y demás modelos normalizados que constituyen sus anexos, estarán accesibles en la página web del Ayuntamiento de Bueu <https://concellodebueu.gal/>



Martes, 26 de abril de 2022

Núm. 79

## *2. Publicidad de las subvenciones concedidas.*

Las subvenciones concedidas se remitirán al portal de transparencia del ayuntamiento y a la BDNS para su publicación con indicación de la convocatoria, programa, y crédito presupuestario a lo que se imputan, beneficiarias, cantidades concedidas y finalidad de las subvenciones con expresión de los distintos proyectos subvencionados.

## *3. Publicidad de la financiación pública.*

Las entidades beneficiarias de las subvenciones deben dejar constancia de la financiación municipal en todas las comunicaciones y en cualquier actividad enmarcada en el programa subvencionado con la inclusión de la imagen corporativa oficial del Ayuntamiento de Bueu (equipamiento, web y redes sociales, publicidad, etc).

## *13. NORMATIVA DE APLICACIÓN*

Para lo no dispuesto en estas bases se contemplará el establecido en las bases de ejecución del Presupuesto General del Ayuntamiento de Bueu en vigor durante el ejercicio 2022, en la ley 38/2003, de 17 de noviembre, general de subvenciones (BOE núm. 276, del 18/11/2003) y en la Ley 9/2007 de subvenciones de Galicia y demás legislación de desarrollo.

